

Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social

Período de referencia: Decembro de 2025


Data de publicación: 5 de xaneiro de 2026

Principais resultados

- No mes de decembro de 2025, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.097.288, un 1,64 % máis que no mesmo mes de 2024. En España, a taxa de variación interanual foi do 2,37 %.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 2,08 %, mentres que no réxime especial de autónomos subiron un 0,19 %.

Evolución das taxas de variación interanuais

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.


1. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de decembro de 2025 acadou a cifra de 1.097.288; o que supón un descenso respecto ao mes pasado de 3.350 afiliacións (-0,3 %). Para España, a cifra de afiliacións sitúase en 21.844.414, cun aumento do 0,09 % respecto ao mes pasado.


No mes de decembro, normalmente en Galicia redúcese o número de afiliacións respecto ao mes de novembro. Neste ano 2025, a caída das afiliacións foi maior que en 2024.

Variación mensual das afiliacións nos meses de decembro. Galicia

Variación absoluta



Variación relativa (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Na comparativa interanual, obsérvase un aumento de 17.715 afiliacións en Galicia (1,64 %) e un aumento do 2,37 % (506.452 afiliacións) en España.

Por comunidades e cidades autónomas, 9 rexistran un incremento das afiliacións respecto a novembro de 2025. Melilla (1,65 %) e Andalucía (0,89 %) son as que máis soben e Illas Baleares (-4,52 %) a que máis baixa.

En canto ás taxas respecto a decembro de 2024, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades e cidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Melilla (5,59 %) e Ceuta (5,12 %).


Evolución das afiliacións por comunidades e cidades autónomas

CCAA	Afiliación media Decembro 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.540.811	31.238	0,89	70.364	2,03
Aragón	633.131	900	0,14	14.169	2,29
Asturias, Principado de	395.403	-432	-0,11	8.321	2,15
Baleares, Illas	500.310	-23.703	-4,52	12.314	2,52
Canarias	967.275	2.758	0,29	26.586	2,83
Cantabria	235.595	-460	-0,19	3.318	1,43
Castela e León	994.923	-1.872	-0,19	15.225	1,55
Castela-A Mancha	810.304	3.018	0,37	20.963	2,66
Cataluña	3.874.736	-5.566	-0,14	83.912	2,21
Comunidade Valenciana	2.265.284	916	0,04	80.612	3,69
Estremadura	419.254	-1.483	-0,35	4.063	0,98
GALICIA	1.097.288	-3.350	-0,30	17.715	1,64
Madrid, Comunidade de	3.882.343	18.077	0,47	108.159	2,87
Murcia, Rexión de	682.284	-239	-0,04	18.600	2,80
Navarra, Comunidade Foral de	315.741	-1.793	-0,56	5.405	1,74
País Vasco	1.036.804	730	0,07	12.294	1,20
Rioxa, A	141.925	-179	-0,13	1.839	1,31
Ceuta	24.810	196	0,80	1.208	5,12
Melilla	26.193	425	1,65	1.386	5,59
ESPAÑA	21.844.414	19.181	0,09	506.452	2,37

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Contribución das comunidades e cidades autónomas na variación interanual da afiliación mensual

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

2. Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou respecto a decembro de 2024 en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,76 %, seguida de Pontevedra (1,74 %), Ourense (1,7 %) e Lugo (0,87 %).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de decembro respecto ás do mes de novembro, Pontevedra é a provincia que presenta a maior baixada nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do -0,39 %, seguida de Lugo (-0,34 %), A Coruña (-0,27 %) e Ourense (-0,12 %).

Evolución das afiliacións á Seguridade Social

	Afiliación media Decembro 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	479.469	-1.283	-0,27	8.273	1,76
Lugo	126.282	-428	-0,34	1.086	0,87
Ourense	108.557	-130	-0,12	1.813	1,70
Pontevedra	382.980	-1.509	-0,39	6.543	1,74
GALICIA	1.097.288	-3.350	-0,30	17.715	1,64
ESPAÑA	21.844.414	19.181	0,09	506.452	2,37

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

3. Información segundo o réxime de afiliación

En decembro de 2025, as afiliacións ao réxime xeral concentran o 79,78 % das afiliacións galegas, cun descenso do 0,33 % respecto ao mes anterior e un aumento interanual do 2,08 %. En España, as taxas foron do 0,11 % respecto a novembro de 2025 e do 2,61 % en relación ao mes de decembro de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,75 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-0,89 %) e Ourense (-0,01 %) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,57 %) e A Coruña (0,33 %) presentan unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no 0,19 %. Para este réxime e respecto ao mes de novembro de 2025, baixan as afiliacións en todas as provincias: Lugo (-0,16 %), Pontevedra (-0,1 %), A Coruña (-0,06 %) e Ourense (-0,02 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do -0,09 %. En España, este réxime presenta unha subida interanual do 1,15 % e unha subida intermensual do 0,04 %.

No réxime especial do mar, a taxa de variación interanual en Galicia foi do -2,99 %, con todas as provincias en negativo: A Coruña (-4,05 %), Lugo (-3,34 %) e Pontevedra (-2,5 %). Respecto a novembro de 2025, a taxa galega é do -1,6 %, baixando as afiliacións en todas as provincias: Lugo (-3,27 %), A Coruña (-2,33 %) e Pontevedra (-1,1 %). En España, as taxas indican unha baixada interanual do 0,14 % e unha baixada intermensual do 3,17 %.

Afiliacións por réximes

Total

	Afiliación media Decembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	479.469	-0,27	1,76
Lugo	126.282	-0,34	0,87
Ourense	108.557	-0,12	1,70
Pontevedra	382.980	-0,39	1,74
GALICIA	1.097.288	-0,30	1,64
ESPAÑA	21.844.414	0,09	2,37

Réxime xeral

	Afiliación media Decembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	390.746	-0,29	2,14
Lugo	94.390	-0,35	1,51
Ourense	86.389	-0,14	2,15
Pontevedra	303.886	-0,43	2,17
GALICIA	875.411	-0,33	2,08
ESPAÑA	18.359.454	0,11	2,61

Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Decembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	83.934	-0,06	0,33
Lugo	30.588	-0,16	-0,89
Ourense	22.168	-0,02	-0,01
Pontevedra	67.777	-0,10	0,57
GALICIA	204.467	-0,09	0,19
ESPAÑA	3.425.767	0,04	1,15


Réxime especial do mar

	Afiliación media Decembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	4.789	-2,33	-4,05
Lugo	1.303	-3,27	-3,34
Ourense	0		
Pontevedra	11.317	-1,10	-2,50
GALICIA	17.409	-1,60	-2,99
ESPAÑA	58.353	-3,17	-0,14

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Distribución das afiliacións por réximes. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

4. Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridade Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridade Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>